

Texto e ilustracións: **ANTOINETTE PORTIS**

Tradución: **CHEMA HERAS** e **PILAR MARTÍNEZ**

Encadernado en cartón. 40 páxinas en color. 22x22 cm.

Dispoñible en:

-Galego: "Non é unha caixa". Faktoria K. ISBN 978-84-96957-21-3

-Castelán: "No es una caja". Faktoria K. ISBN 978-84-96957-22-0

-Italiano: "Non è una scatola". Kalandraka. ISBN 978-88-95933-32-0

Prezo: 13 €

NON É UNHA CAIXA

Que fas sentado nesa caixa?

Non é unha caixa.

Por que estás subido na caixa?

Non é unha caixa!

- **LIBRO DE HONRA DO PREMIO THEODOR SEUSS GEISEL 2007**
- **OS MELLORES LIBROS PARA NENOS E MOZOS 2009 (BANCO DO LIBRO DE VENEZUELA)**

Unha caixa é xustamente unha caixa... a menos que non sexa unha caixa. Dende unha montaña ata un coquete espacial, o coelliño desta historia demostralles aos lectores que unha caixa poder ser todo aquilo que lles permita a imaxinación.

Este álbum foi designado en 2007 como Libro de Honra polo comité do Premio Theodor Seuss Geisel, que se lle concede ás mellores obras infantís publicadas en EEUU, en homenaxe a este autor que proclamaba que os cativos buscan o mesmo que os adultos: "Rir, cambiar, entreterse e gozar". Tamén foi Libro Distinguido pola Asociación Americana de Bibliotecas, e incluído pola Biblioteca Pública de Nova York na lista "Un dos cen libros para ler e compartir".

A autora recrea unha experiencia da nenez, cando sentaba nunha caixa que había preto da casa. Cómpre seguir potenciando esa economía de recursos de antano: sen a penas nada co que enredar, pódese converter o obxecto máis sinxelo no máis marabilloso xoguete.

Trátase dun álbum curioso e interesante, tanto polo contido como pola presentación, con cubertas que imitan a textura, a cor e a aparencia das caixas de cartón, incluídas as indicacións sobre a correcta posición do bulto. A liña argumental é moi sinxela, de frases curtas e directas, a modo de diálogo entre o protagonista e unha voz omnisciente que o interroga sobre a utilidade da caixa.

As ilustracións destacan polos trazos básicos, expresivos, e polo xogo de cores e perspectivas. O máis chamativo é a maneira de representar a nivel artístico a dicotomía entre o plano da realidade e o da ficción: a imaxe imaxinaria superponse sobre a orixinal, ofrecéndolle ao lector unha ollada distinta. Así, o que parece ser unha simple caixa convértese -ao paso de cada páxina- nun obxecto diferente: coche de carreiras, robot, edificio en chamas, e un sinfín de cousas máis.

Os lectores tamén poderán familiarizarse cos conceptos básicos de localización no espazo: arriba-abaixo, diante-atrás, dentro-fóra, horizontal-vertical. Un libro que invita a explorar novos mundos, que favorece a imaxinación, a interacción, e o intercambio de ideas entre nenos e adultos.

ANTOINETTE PORTIS

Graduada en Arte pola Universidade de California (UCLA). É directora creativa da compañía Disney Consumer Products. Actualmente reside en California. "Non é unha caixa" foi o seu primeiro álbum infantil.



- **Temática:** os usos dunha caixa
- **Idade recomendada:** dende 3 anos
- **Aspectos destacables:** desenvolver a imaxinación; xogo entre ficción e realidade; conceptos relacionados co espazo; similitude do libro coa aparencia externa dunha caixa de cartón

